

Lidia Senra: COA POLÍTICA AGRARIA A MULLER VAI SER AÍNDA MÁIS ESCRAVA

TAREIXA NAVAZA GONZALEZ

É a Secretaria Portavoz do Sindicato Comisiones Labregas. Leva loitando por unha vida máis digna no agro desde que estudiaba os últimos anos do bacherelato en Monforte de Lemos. No ano 76 entra na ANPG e é o seu primeiro contacto co nacionalismo, estudiando COU pónse a colaborar cos Comités de axuda á loita labrega (CALL) e no que era o Sindicato naquel momento incidíase no debate, na necesidade de organiza-lo sindicato, crear conciencia de organización. A súa primeira charla chama á desobediencia civil, a negarse a pagar a cuota empresarial da Seguridade Social Agraria. Pasaron dezasete anos daquela e acaban de celebrá-lo triunfo da súa supresión. Lidia é unha profunda coñecedora dos problemas do noso campo, da situación dos labregos/as, fálase de tu a tu cos representantes europeos e mundiais das diferentes organizacións campesiñas e sobre todo é apreciada e respetada na súa Terra.



¿Cómo lembra-la tua infancia?

Normal, feliz. Crieime nunha aldea do Concello de Monforte e vivía cos meus pais, avós, o meu irmán e un tío. Sempre me criei entre as vacas, os prados... fun a unha escola ali na parroquia ata os dez anos, idade na que marchei a Monforte a estudiar Bacharelato.

¿Na escola estudiabas en galego?

Non e iso foi o meu primeiro «trauma» ou choque forte. Vivín unha escola dos anos do franquismo e o primeiro que había que aprender cando chegabas era unha lingua que non era a que falaba eu a cotío. Non me era de todo estraña porque lla tiña escoitado os meus primos que vivían na vila cando viñan ve-los avós; pero era un idioma que eu non coñecía e no que non me desenvolvía. O choque más forte foi cando cheguei a Monforte, porque na aldea cando saía ó recreo na escola, os nenos da parroquia poñiamonos a falar en galego, pero en Monforte todo era máis difícil, había moi

W... Cando

**hai que representa-la
explotación fóra da
casa, acostuma se-la
muller a que se
queda na casa para
cuidala mentres é o
home ó que segue a
representala fóra, no
sindicato, na SS,...**

II



ta represión e tiñamos medo, moiísimo medo de que se nos escaparan palabréas en galego, que por outra parte o español que podíamos falar era coa construcción do galego —como falamos casi todos neste País— medo por dúas razones: os paletos eran os da aldea, os labregos e eu era iso e segó sendo, e que falabamos galego que tamén era de paletos... Non quería nin contarche o das burlas, risas...

Cando rematas COU volves para casa xa como liberada sindical.

Si. Eu xa colaboraba nos anos do bacherelato moito; pero á hora de saír a unha manifestación non podía facelo porque na miña casa non o entenderían. Lembro perfectamente a primeiros do ano 77 que eu ía moito cunha compañeira que daba clases en Monforte, na Escola de Capacitación Agraria. Chamábase Carmela e era dos Comités de axuda —CALL—, e facíamos reunións nas parroquias do Concello de Monforte explicando a necesidade da existencia dun sindicato labrego e de organizarse para vivir en mellores condicións. Tamén lembro que a primeira reunión na que participei estaba bastante nerviosa. En realidade era moi nova. Non creo que fora moi consciente de que era muller e de que ía a unha parroquia a falarlle ós labregos, quizás porque como eu era tamén labrega non me parecía tan estranxo, non me sentía fóra de lugar. A miña primeira charla foi núnha parroquia que non coñecía e o meu maior reto era afronta-la responsabilidade que suponía estar animando unha asemblea de persoas, un domingo á saída de misa, para que non pagaran a cuota empresarial.

¿E cómo resultou aquela primeira asemblea?

Moi ben, había moita xente, unhas setenta persoas, quedouse todo o mundo e aquel ano o impago foi fabuloso. Ningún pagaba.

Lidia ¿Cal é hoxe a situación da muller no agro galego?

O papel da muller no agro é un pouco de todo. Participa moiísimo no que é o traballo da explotación. A súa participación contribúe, como a do home, á economía familiar, e iso fai que a súa opinión á hora de tomar decisiones importantes na explotación sexa tida en

conta igual que calquera outro membro da familia. Despois polo demais diría que a muller no campo non ten horario porque é todo: traballa na explotación, dentro da casa, fóra da casa, leva a educación dos fillos, cuida dos avós e cando hai reunións ou manifestacións, ou cando hai que representa-la explotación fóra da casa, acostuma se-la muller a que se queda na casa para cuidala mentres é o home ó que segue a representala fóra, no sindicato, na SS, segue sendo o cabeza de familia, o que está dado de alta na SS, e aquí dase un caso moi importante e dunha discriminación moi grave de cara á muller.

¿Non te estarás referindo as poucas mulleres que están dadas de alta na Seguridade Social?

Así é. Mira nas explotacións agrarias as rendas son moi baixas, mesmo moi más baixa que a renda media dos traballadores do país. Estón o que acontece é que os membros da familia non todos poden cotizar á SS que é o requisito oficial necesario para ser considerados traballadores/as. No campo soe serlo home o que está dado de alta cando os dous non poden cotizar; polo tanto se houbera eleccións no campo, como houbo no ano 78, unha das condicións é estar dado de alta na SS, a maioría das mulleres non poderían elixir nin ser elixidas porque non son «traballadoras». Somos consideradas legalmente «ayuda familiar» e dígocho en castelán como o recolle a lei.

¿Cómo pelexades desde o sindicato por este tema? De tódolos xeitos coido que algo ten mudado para mellor na situación da muller. ¿Non si?

En efecto non é a mesma situación agora que cando eu comencéi participar na actividade sindical. Nas primeiras manifestacións e asembleas só había homes e as primeiras fichas do sindicato eran de homes. Agora hai afiliadas, van ás asembleas... mellorou a cousa, pero teno que dicir que a contribución do sindicato é pequena, nese senso, porque non temos nin tempo nin cartos. Necesitariamos moitos medios dos que carecemos. Temos montado ciclos de debate, abarcando o que é a problemática específica de enfermidades da muller, coñecemento do propio corpo... A realidade é que habendo máis información non se chegaría a casos de enfermida-

des sen solución. Muller algo facemos e tamén coa revista que editamos «O FOUCE», na que tocamos eses temas, pero queda moito por facer. Levamos xa tres Congresos e no último, por primeira vez, houbo unha ponencia dedicada á situación da muller onde se expuxeron unha serie de reivindicacións perante as Administracións relacionadas coa situación específica da muller. Lembro agora que unha das cousas que se expuxeron foi o da educación non sexista.

¿Hai un acceso por igual á escola?

A Escola sí e se hai medios económicos nenos e nenas chegan á Universidade; pero ese é outro problema porque cada vez máis as familias labregas poden acceder menos á Universidade por cuestións económicas. O ensino segue a mante-los roles e na medida en que isto sega así vai ser moi difícil que os homes adquieran conciencia de que a casa é unha tarefa que debe ser compartida e como consecuencia as mulleres terán máis tempo para poder participar, na vida sindical, política, no tempo de lecer...

¿As condicións de vida seguén a ser duras?

Duras, difíciles e ademais as políticas agrarias cada vez son máis agresivas, cada vez pérdece máis poder adquisitivo. Somos conscientes de que non é que a xente quera irse do campo é que os botan evidentemente. O medio rural está totalmente abandonado. Non hai ningún tipo de alternativas, nin a nivel de ocio, nin culturais nin nada. O panorama para a xente nova é desolador. A de labrego é a profesión onde máis horas se traballa, peor remunerada está e onde é más difícil ter acceso a unhas vacacións. Neste sentido penso que sería moi interesante fomenta-lo cooperativismo de produción, que a xente se organizara para traballar en conxunto, turnarse, ter tempo libre.

Cumprense agora 17 anos desde que iniciáchedes a loita contra a cuota empresarial agraria. Explica ás nosas lectoras/es en que consiste.

Era un recibo que viña ó final do ano cando os recibos da contribución da terra e que servía para axudarles a pagar ós terratenentes andaluces ou extremeños, ós empresarios agrícolas, os seus impostos. Os campesiños galegos tiñan



que pagar como se fosen empresarios, como se tiveran man de obra asalaria da. Ese recibo non lle daba dereito a nada, a ningún tipo de prestación social, nin de pensión, nin de médicos, nin medicinas, nada, porque para isto hai que pagar outra cuota. Analizouse esta inxustiza e iniciouse a loita que consistiu fundamentalmente en negarse a pagar o recibo. O Goberno Central era ó que lle correspondía tomar unha determinación e efectivamente a primeiros de marzo, deste ano, decidiron dentro da reforma da Seguridade Social Agraria suprimir la cotización por xornadas teóricas que é como se denomina este tipo de cotización.

Despois do Mercado Común, Maastricht.

Maastricht reafirma a política agraria común que se basea en tres cousas: seguir mantendo o sistema de cuotas como limitación da produción (cuotas do leite), a baixa dos prezos dos principais produtos (leite, carne) e como contrapartida proponos o pago dunha esmola que nos lles chamamo-las primas, as axudas. Non compensan nada. O final: o único que fan e manterte na marxinación ata que chega o momento de xubilar. Maastricht ven a reafirmar, consolidar, definitivamente, a división europea do traballo agrícola, de tal forma que os países ricos do centro,



III Somos conscientes de que non é que a xente quera irse do campo é que os botan evidentemente. O medio rural está totalmente abandonado. Non hai ningún tipo de alternativas, nin a nivel de ocio, nin culturais nin nada. O panorama para a xente nova é desolador.

//

se reservan para si o dereito de producir alimentos e os dereitos ós mercados e para os países pobres da periferia, subdesenvolvidos, como nós ou Portugal, Grecia, se nos reserva o dereito de ser consumidores. Manteñennos na subsistencia malvivindo ata a idade da xubilación. Os postos de traballo que producirían a carne e o leite pecharianse. Só se nos fala de turismo rural, de campos de golf... Todo menos traballar, producir alimentos, porque o Centro querre reservarse para si os nosos mercados tradicionais. Quero incidir nunha cousa: con esta nova política agraria a muller vai ser aínda máis escrava que ata agora e por unha razón: se estás a vivir nunha explotación agraria e che cae o prezo e se podes acceder a montar un camping, ou a calquera alternativa de artesanía, turismo rural, a muller vai ter que seguir atendendo a explotación agraria para poder «tirar» e ó mesmo tempo terá que atende-lo camping ou o que sexa... Máis escravidume para a muller e por outra banda toda esta política parécmeme unha agresión total ó medioambiente.

¿Queres concretalo máis?

Cando se fala dos campos de golf que van deixar moitos cartas, estamos convencidos desde o Sindicato que iso vai ser unha agresión moi forte ó medioambiente: os campos de golf necesitan moita auga -recurso que se agota- e ó final vai ser un desastre total.

Desde o teu Sindicato ahí anos que levades loitando contra a integración no Mercado Común.

Nos anos 78, 79 fixemos escritos onde analizabamos as repercusiones negativas que ía te-la integración no Mercado Común. Lembro a manifestación do ano 80 e no 85 as primeiras manifestacións contra as cuotas do leite cando ningúen sabía o que era iso... Temos que seguir traballando para cambiar todo isto. Son optimista, porque desde o noso sindicato participamos nunha coordenadora de organizacións agrarias europeas que expoñemos alternativas. Podo dicir que nunca estivo tan cuestionada a política agraria comunitaria como agora mesmo. Está cuestionada polas propias explotacións familiares agrarias porque nos leva á ruína, está cuestionada polas sociedades, polos consumidores

-a quien está política agraria lle está ofrecendo unha materia prima cada vez más vulgar- que desexan unha alimentación máis sa... A actual política favorece os negocios, as ganancias das agroindustrias, entón o único que interesa é conseguir unha materia prima cada vez más barata e non importa se hai que utilizar moitos abonos químicos. O consumidor cuestionase a alimentación que recibe, unha alimentación cargada de residuos de abonos químicos, de fitosanitarios, de hormonas... A sociedade comeza a comprender que necesita mante-la explotación agraria familiar para ter unha alimentación sa.

¿Coa chegada do Partido Popular o poder empeoraron as cousas?

Respecto da política agraria están totalmente de acordo PP e PSOE. Creo que o Goberno da Xunta é responsable de non defende-los intereses do agro deste País e é responsable ata o punto de que está permitindo a hipoteca da nosa capacidade productiva: aceptaron as cuotas do leite, as cuotas dos dereitos de prima para a carne... Aceptan todo. E aínda peor non saben xestionar a esmola que se nos da. Agora abriuse o prazo para solicitar unhas desas esmolas de Bruxelas e Madrid deunos quince días, acabouse o prazo e a Xunta aínda non enviou a Extensión Agraria a información necesaria para pedir, é dicir, que a Xunta nin sequera ten capacidade para xestionar a esmola. Hai unha deixadez total. Pero non quixera rematar neste tono. Con outra política agraria, con autogoberno, coa defensa dos nosos intereses, ahí futuro.

Sen esquecer ás mulleres, por suposto

Así é. Agora a muller, o tema rural está abandonado desde a propia Administración e é a quien eu lle bote fundamentalmente a culpa por unha razón; que eu saiba non conócezo que teña estudos serios sobre cal é a situación da muller no rural, que problemas ten, non hai nada. Por non haber nin chega información sobre planificación familiar, anticonceptivos, todo depende unicamente da boa vontade que poida te-lo médico de cabeceira en cada sitio. Todo isto é un labor por facer, moi importante e moi necesario se queremos que melloren as condicións de vida das mulleres. ▶